

CULTURA

Euloxio Ruibal protagoniza o primeiro dos Roteiros Literarios de Compostela

Euloxio Ruibal.

13/06/2011 A Concellaría de Cultura e Centros Socioculturais e a Asociación de Escritores en Lingua Galega poñen en marcha unha nova actividade en Compostela que, baixo o título de *Roteiros Literarios*, consiste nun paseo acompañado dun escritor que fará diversas paradas en sitios emblemáticos onde se lerán ou recitarán diferentes textos. O primeiro dos roteiros celebrarase o martes 14 de xuño con Euloxio Ruibal, para continuar o 28 deste mes con Marilar Aleixandre. No mes de agosto haberá dous novos roteiros.

O roteiro con Euloxio Ruibal sairá do parque de Bonaval. En concreto, o punto de encontro para todos aqueles que queiran participar é, ás 20:00 horas, a escultura de Chillida do parque. O remate será na praza do Toural. Os participantes percorreren as principais rúas da zona monumental (Casas Reais, Preguntoiro, rúa Nova, rúa do Vilar...) facendo paradas para ler, recitar ou cantar nas prazas máis representativas da cidade: Cervantes, San Martiño Pinario, Quintana, Obradoiro, Mazarelos, Universidade... Tamén se deterán en espazos de especial simbolismo, coma o Panteón de Galegos Ilustres ou diante de edificios onde residiron insignes escritores (Murguía, Bouza Brey ou López Ferreiro).

Soarán versos trobadores composteláns (Bernal de Bonaval, Airas Nunes) alternados cos dos poetas máis recentes (Estevo Creus, Lupe Gómez, Yolanda Castaño, Carlos Negro). E non só poetas, que tamén dramaturgos (Vidal Bolaño), narradores (Suso de Toro, Carlos Reigosa) farán oír a súa voz. Notable presenza terán tamén escritores contemporáneos do meirande prestixio literario; xa pola súa estreita vinculación coa cidade compostelá (Lorca, Otero, Castelao...), xa por formar parte da súa veciñanza durante logo tempo (Novoneyra, García-Bodaño, Carvalho Calero, Ramón Piñeiro).

O seguinte roteiro será o de Marilar Aleixandre o 28 de xuño con saída, tamén ás 20:00 horas, da praza do Obradoiro. Dende alí farase un percorrido pola Cidade Histórica para despois cruzar a Alameda e rematar no lavadoiro de Cornes.

EULOXIO R. RUIBAL (Ordes, 16 de marzo de 1945). Escritor e galerista. Dende neno reside en Compostela, onde na actualidade rexenta unha galería de arte. Ten participado en diversos congresos e mesas redondas. Así mesmo, formou parte de numerosos xurados de concursos literarios ou artísticos, e colaborou en revistas especializadas (*Grial*, *Ensaio*, *Assaig de Teatre*, *Acotaciones*, etc.) e en gran parte da prensa de Galicia. É co-director de *Citania*, revista de estudos artísticos e literarios.

Voltar